

# EXPOSICIÓN

**Inauguración o martes 28 de xullo de 2009, ás 20.30 h,  
na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago”  
dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo – Culleredo)  
Do 28 de xullo ao 30 de agosto de 2009.**

## HORARIO

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h



# LUISA VALDÉS

## Presentación

Outra pintora de longa traxectoria, e tamén veciña de Culleredo, Luisa Valdés, desembarca coa súa obra na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago”.

Móvese Luisa no mundo da abstracción diríamola lírica, xogando con océanos de cores con formas onduladas ou xeométricas superpostas. Unha obra cálida moi acaída para este período estival no que nos encontramos.

Anímoos a achegarse a compartir con nós a inauguración da exposición.

Celestino Poza Domínguez  
Concelleiro de Cultura

## Datos biográficos

Luisa Valdés Aguirre naceu na Coruña en 1961 e reside na actualidade en Culleredo. Graduada na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos da Coruña, en 1983 trasladouse a París, onde se licenciara en 1987 na Escola Nacional Superior de Belas Artes de París.

Imparte clases de pintura e, dende o ano 2001, obradoiros de Historia da arte, gravado, etc., na Deputación da Coruña, na Fundación María José Jove, na Biblioteca Central de Vigo, no Salón do Cómic da Coruña, no Fórum Metropolitano da Coruña ou na Biblioteca González Garcés de Culleredo.

En 1985 fai prácticas no taller para nenos do Museo de Arte Contemporáneo Georges Pompidou (París), asiste ao Taller Pablo Picasso, impartido por Luis Gordillo, no MACUF (1997) e ao impartido no mesmo centro por Juan Genovés (1999). Participou tamén nas tres edicións dos Encontros de Pintura e Poesía da Deputación da Coruña, celebrados no Pazo de Mariñán (2005-2007), e no I e II Diálogo de Pintura e Poesía de Culleredo (2008, 2009).

Seleccionada no IX, X e XII Premio de Pintura do Concello de Cambre, gañaría a XIV edición do mesmo (1997). Participou en varias mostras de Unión Fenosa e foi seleccionada no premio de pintura Caja Sur (Sevilla, 2000). Tamén obra súa foi seleccionada no 3º Salón de Outono de Pintura (A Coruña, 2000) e no IX Certame Díaz Pardo da Deputación da Coruña (2005), participando nas exposicións itinerantes, así como na I Feira da Arte Galega (A Coruña, 2008).

## Exposicións individuais:

1994: Sala Municipal de exposicións do Concello da Coruña.  
1998: “Estratos”, Galería “Obelisco” (A Coruña).  
2000: “Días de lluvia y rosas”, Galería “Arte XXI” (Madrid).  
2001: “Tierra fértil”, Sala do Colexio de Arquitectos (A Coruña).  
2002: Club Financeiro Atlántico (A Coruña); “Intervalos e horizontes”, Galería “Visual Labora” (Vigo).  
2003: “Intervalos”, Galería “Por Amor a Arte” (Porto).  
2005: “Lo cercano y lo lejano”, Galería “DUA DOS” (Vigo).  
2008: “Una de cal y otra de arena”, fotografías, “Novan & Vesson Arquitectos” (A Coruña).  
2009: Galería “PM8” (Vigo).

## Exposicións colectivas:

Premio de Pintura Concello de Cambre (1992, 1993, 1995, 1997).  
Mostra Unión Fenosa (A Coruña, 1999, 2001, 2006).  
Salón de Outono de Pintura (A Coruña, 2000, 2008).  
I e II Encontro de Pintura e Poesía da Deputación da Coruña (Santiago e A Coruña, 2006).

Outras importantes colectivas en A Coruña Culleredo, Santiago, León, Alicante, Valencia, Córdoba, Sevilla ou París.

